

# Á DERIVA

Mikio Naruse, 1956

# 1450

ESTREA EN NUMAX: 28.01.2025 | V.O.S.E. | 117 min

Rika acaba de perder o seu marido e busca traballo. A súa axencia de emprego envía a unha casa de geishas na que precisan alguén que limpe e cocíña. Alí coñece a Tsutayako, a patroa, que acepta contratala, pero axiña coñece que a casa está a retrasar o pago de facturas e que podería poñerse en venda.



## Entrevista coa actriz Mariko Okada “O señor Naruse tiña a mente moi esperta”

Eu debutei no cinema con *A bailarina* (Maihime, 1951), dirixida por Mikio Naruse. Despois aparecín noutras películas súas, tiña un pequeno papel en *Marido e muller* (Fufu, 1953) e logo traballei en *Nubes flotantes* (Ukigumo, 1955) e *Á deriva* (Nagareru, 1956). Cando debutei acababa de graduarme na universidade. O profesor que levaba o club de teatro universitario levábanos acotío ao cinema pero víamos títulos famosos de cinema estranxeiro como *Os baixos fondos* (1936) de Jean Renoir. Eu nin sequera ouvira o nome de Mikio Naruse.

(...) Gustábame moito a cara risoña do señor Naruse. Era un home tranquilo e cando comezabamos a rodar dicía en voz baixa: “Preparados, rodando”. En *Á deriva* eu facía o papel dunha geisha vivaz e activa. Paseino mal porque non conseguía atopar a forma de meterme no papel. Cando el me dicía en voz baixa “rodando”, custábame empezar a recitar eu soa un monólogo de súpeto. Así que en lugar de guiarme pola voz do director, empregaba o son da claqueta. *Á deriva* estaba repleta de actrices moi profesionais e eu andaba un pouco perdida. Por exemplo, Haruko Sugimura facía o papel dunha geisha máis ben impopular e eu compartía moitas escenas con ela. Aprendín moito das escenas que faciamos xuntas. Eu xa traballara antes con ela en *Geisha Konatsu* (Toshio Sugie, 1954). Non facía moitos comentarios sobre o traballo do elenco. Pero de cando en vez dicía cousas como “que rapaza máis peculiar”. Eu en pensaba para min: “que fixen mal?”.

O señor Naruse nunca daba instrucións aos actores e actrices. Xusto antes de comezar cada escena dicía: “Isto deber ser algo así”. Outros directores facían unha demostración da interpretación que querían. Pero o señor Naruse só dicía antes de rodar: “Imos facer esta parte e estotra do guión”. A veces só dicía iso e logo comezaba a rodaxe. Isto provocaba algunhas tensións entre os intérpretes. Algúns directores distribuían copias do guión de rodaxe coa planificación dos diferentes planos. Pero nós nunca víamos a planificación do señor Naruse. A diferenza do teatro, no cinema non se fan ensaios, así que non sabiamos como ían actuar os demais até comezar. De súpeto escoitabamos: “Preparados, acción”. Era moi emocionante.

O señor Naruse rodaba os guións en continuidade. Así que era necesario observar como se rodaban as escenas dos demais. Se non, un no se enteraba de que ía a película. Eu observaba todo.

A rodaxe co equipo Naruse era moi tranquilo e adoitabamos rematar ás cinco da tarde. O responsable de iluminación, Choshiro Ishii, tiña moi mal carácter. Naquela época redábanse as películas en formato *standard* e as marcas dos actores fixébanse con moita rixidez. Se un se saía da súa marca, o Sr. Ishii púñase a dar berros dicindo que as luces estaban mal. O director de fotografía Masao Tamai era máis calmo. O señor Naruse tamén calaba e logo limitábase a dicir: “Ímolo tentar de novo”.

Publicado en *Mikio Naruse* (Shigehiko Hasumi e Sadao Yamane Eds. (Filmoteca Española, Madrid, 1998)